Informe traballo topográfico Cíes 2000

Oscar Santaclara Estévez

1. Descripción do traballo.

O traballo que se describe forma parte do proxecto "Bioloxía reproductora da Camariña" que se está desenrolando no Parque Natural das Illas Cíes, como base dunha Tese de Doutoramento.

O obxetivo é poder aborda-lo estudio da reproducción da Camariña dende o punto de vista espacial, é dicir, fixándose na situación e distribución das poboacións no terreo e na relación que poidan ter algunhas variables asociadas a esta distribución, como poden ser a profundidade ata a rocha, distancia macho-femia, exposición o sol e ventos dominantes, etc., no comportamento reproductivo.

Para este fin, o que se pretende é realizar esta análise espacial usando un Sistema de Información Xeográfica, GIS, que permite comparar e relacionar distintos planos, capas de información, do terreo e das plantas.

2. Metodoloxía.

Debido a natureza do proxecto, faise necesario un primeiro traballo de campo no que se realiza a toma de datos necesarios para o estudio, e posteriormente un traballo de gabinete no que se pasan todos estes datos ó ordenador para deste xeito crea-las bases de datos no SIG e obte-los planos das distintas variables medidas. A partir deste punto, o resto do traballo é de análise e interpretación dos resultados obtidos.

O traballo de campo inclúe as seguintes fases:

- Toma de puntos para o levantamento topográfico da zona da duna na que se realiza o estudio.
- Situación de tódolos individuos da población a estudiar no plano. Tamén se realiza esta parte mediante o uso de aparatos topográficos.
- Medición das variables de interés, dende o punto de vista que poidan afectar á reproducción das plantas.

O traballo de gabinete comprenderá só a fase de introducción dos datos no ordenador e realización dos cálculos adecuados co SIG para permitir a posterior análise dunha forma sinxela e rápida.

3. Traballo de campo realizado ata a data.

Nestes momentos lévanse feito os traballos de levantamento topográfico da zona de estudio e posicionamento das plantas no plano.

Describense a continuación os detalles:

3.1. Datas de realización.

Este traballo de campo durou en total 5 días completos:

- Maio: 1 fin de semana + 1 Sábado.
- Agosto: 1 fin de semana.

3.2. Levantamento topográfico.


Para o levantamento topográfico da zona utilizáronse os seguintes aparatos:

- Estación total (precisión 10") con tódolos seus accesorios, trípode e mira telescópica.
  Prestada polo Laboratorio de Topografía da E.U.E.T. de Forestais no Campus de Pontevedra.

Os métodos operativos foron os seguintes:

- Método do itinerario pechado para a poligonación no que se estableceron cinco estacións fixas no terreo según figura:

- Método de radiación para os puntos de recheo e configuración do terreo.



Acompáñase co informe o plano da zona rematado. Neste caso cunha escala axustada a un DIN-A3.

A zona levantada ten: Área = 1.06 Ha.

Perímetro = 580 m.

3.3. Posicionamento das plantas.

Esta parte levouse a cabo no mesmo proceso de radiación que se fai para obte-los puntos de recheo do plano. As propias plantas úsanse como puntos de configuración do terreo.


Posicionáronse un total de 431 plantas cada unha co seu código de mostraxe.

O código esta formado polas letras M ou H, macho e femia, e polo número asignado. No caso dos individuos xuvenis asignouselles a letra J.

Como traballo de campo queda polo tanto definir as variables que mais interesen e ir a zona para realizar as medicións .

Pontevedra a 21 de Decembro del 2000.


250
225
200
175
150


250
225
200
175
150
125
100
75
50
-50
-25
0
25
50
75
100